**B A N D O**

**XXV Aniversario da Constitución Española**

A Constitución cumpre hoxe o seu vixésimo quinto aniversario iluminando a nosa historia máis recente, a historia da recuperación e consolidación dos dereitos e liberdades fundamentais recollidos no seu texto, cun grao de liberdade e de consenso como xamais se alcanzara ao longo dos séculos da rica e fértil historia de España.

A nosa Carta Magna ten a serena madurez adquirida no itinerario compartido por todos os españois para asentar os valores superiores do seu ordenamento xurídico: a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político. Madurez ás veces dolorosa porque a solidez e a concreción de cada un destes valores reclaman un compromiso persoal e colectivo irrenunciable e cotián para salvagardar o marco de convivencia delimitado na súa letra. A coacción do terrorismo exemplifica tanto a fraxilidade das liberdades que gozamos como a férrea vontade de todos os cidadáns na defensa das nosas liberdades.

Patrimonio de todos, a súa maior virtude e a súa maior fortaleza radican na súa propia natureza. Foi froito dun amplo consenso que lle permitiu responder, con renuncias xenerosas e esperanzas comúns, ao reto dunha sociedade tan nova e ilusionada nos seus anhelos como vella e plural na súa historia. A Carta Magna eríxese pois como ferramenta ao servicio da convivencia, ao servicio da sociedade. E como tal ferramenta susceptible dos cambios que a propia sociedade, de común acordo, requira, sempre que, tal e como aconsellaban os redactores da Constitución na Declaración de Gredos, as eventuais reformas se aborden “con idéntico ou maior consenso ao que presidiu a súa elaboración”.

Foi o diálogo a raíz da nosa Constitución, e ten que ser a imperiosa recuperación do diálogo o mellor freo para paliar tanto as indebidas apropiacións como as interesadas desautorizacións da súa letra o do seu espírito. É a mellor homenaxe que podemos facer neste vixésimo quinto aniversario dun camiño de liberdade.

**Xosé A. Sánchez Bugallo**
**Alcalde de Santiago de Compostela**

**Santiago de Compostela, 6 de decembro de 2003**